



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP CANOSA-RUS.** A Braña S/N  
Erbecedo-Coristanco ( ACORUÑA)  
Tfno:881880382 Tfno 2: 881880381  
E-mail:ceip.canosa.rus@edu.xunta.es  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcanosa-rus>

# PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP CANOSA-RUS

17.11.2020

## INTRODUCCIÓN

O primeiro Plan de Continxencia elaborado polo equipo COVID do CEIP Canosa-Rus data do 8 de setembro de 2020, e elaborouse en base ao establecido no apartado 10.5 do *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020.21*. Os respectivos titores/as e mestres/as das diferentes áreas, contemplaron posteriormente nas súas programacións as actuacións previstas en caso de cese da actividade lectiva para un neno, grupo de nenos/as ou todo o grupo/aula, facendo así unha adaptación concreta do Plan de continxencia xeral do centro.

Con data 3 de novembro, publícase a *Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peche de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia*, o que provoca una concreción e actualización do Plan de Continxencia xeral do centro, que é o que nos ocupa neste documento, que se modifica con respecto ao orixinal do 8 de setembro principalmente no seu apartado 2, pois é no que se centra a Resolución.

O presente Protocolo farase chegar ás familias por medio da páxina web do centro.

### 1.- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19. Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.
- Os convivintes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- A familia debe chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o

seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada grupo.
- Para comezar a identificación de contactos estreitos relacionados co centro educativo o antes posible, recoméndase que o caso confirmado ou a persoa de referencia notifique o resultado positivo ao centro. Deste xeito, o Equipo Covid poderá comezar a recompilar a información necesaria para a identificación dos contactos estreitos.
- Sempre que ao Equipo Covid se lle notifique que existe unha persoa cun diagnóstico confirmado de Covid-19 no centro de ensino, deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

## 2.- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro neste momento, xa ten recollidos os datos referentes ás dificultades de conexión e/ou falla de equipamento de todo o alumnado do centro. Estes datos iranse actualizando en caso de que a familia ou mestres/as indiquen que hai algún cambio. Estes datos xa foron trasladados a inspección educativa no mesmo documento no que se enviaron os horarios a seguir en caso de cese de actividade lectiva (ou tamén chamados “horario espello”, dos que se falará a continuación).

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- b) **Emprego da páxina web** para o traslado de comunicacións importantes, así como o **abalarMóbil**.
- c) Uso de plataformas para **videoconferencias**, preferentemente as que recomende a Consellería de Educación.
- d) **Funcionamento activo de todas as aulas virtuais dos niveis afectados** para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe. Estas aulas crearanse durante o mes de setembro para todo o centro.
- e) Posta en funcionamento de **canles de intervención e comunicación coas familias e alumnado, así como as actuacións previstas que estean recollidas en cada unha das Programacións Didácticas** de cada grupo/aula e especialistas.

Ademáis do recollido anteriormente , no Anexo I da *Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peche de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia*, se contempla as seguintes concrecións e intervencións que pasamos a integrar no noso centro educativo (facemos referencias aos puntos ou apartados contemplados nese Anexo I):

2. O centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que manteña o vínculo co alumnado de xeito coherente, tendo en cota o medio virtual no que se desenvolve. Esta planificación horaria recóllese no Anexo I deste documento.

3. Realizaranse simulacións que permitan familiarizar ao alumnado co ensino a distancia. Ademáis, o centro ten previsto, dentro do seu PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado), facer unha formación coas familias interesadas, que se centrará nas ferramentas a empregar no ensino a distancia (prevista para a derradeira semana de novembro).

6. O profesorado que precise formación básica deberá realizala de xeito inmediato cunha formación facilitada polo centro educativo ou polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación é un dereito e unha obriga, e dende o centro ofreceuse a través do PFPP para todo o profesorado que quixese participar. Polo tanto, o centro informará a inspección educativa daqueles mestres/as que non estén inscritos no PFPP, para que se lles indique outro tipo de formación a realizar, en caso de que a precisasen.

8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e os mesmos deberes no ensino non presencial e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia.

9. Durante o peche ou confinamento, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro ou no seu domicilio, en caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

10. A actividade lectiva non presencial será impartida a través das ferramentas institucionais tales como aulas virtuais, *Webex*, *falemos.edu*, etc.

11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa, será o equipo docente quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou alta do/a docente. Para un mellor funcionamento e asesoramento no que respecta á aula virtual, no noso centro establecemos uns asesores/as tal e como se mostra neste cadro:

NOME	CARGO	FUNCIÓN
Cristina París Padilla	Coordinadora Xeral	Coordinar e asesorar todo o funcionamento de Aulas Virtuais e ferramentas dixitais.
Ignacio Pose Couto	Coordinador	Coordinador do PFPP
Lucía Pájaro López	Coordinadora	Asesora informática Educación Infantil
Ana M <sup>a</sup> Carnota Fernández.	Coordinadora	Asesora informática 1º e 2º EP
Diego Rúa Romero	Coordinador	Asesor informático 3º e 4º EP
Verónica Guardado Gesto	Coordinadora	Asesora informática 5º e 6º EP

Estas persoas serán as encargadas de xestionar o seguemento do alumnado do profesorado que se atope de baixa no momento do confinamento, falando co resto de docentes do nivel educativo do que son asesores/as.

12. O mesmo día do peche (este apartado complementábase co contemplado no 17):

a. A dirección do centro enviará unha comunicación a través de *abalarMóbil* e publicará unha nova na web do centro.

b. O profesorado implicado habilitará, segundo o establecido no Anexo I deste documento, os recursos e as actividades iniciais e trasladará a orientación ás familias.

13. Durante o peche o profesorado continuará coa súa labor docente tal e como ten recollido na súa Programación Didáctica e neste Plan de Contixencia.

14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, responderá ao previsto no artigo 25 do *Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a adaptación á diversidade do alumnado dos*

*centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.*

17. A administración educativa disporá dos medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual de acordo co seguinte protocolo:

a. O mesmo días do peche, os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónica á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e. O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2º EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

### 3.- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

Nas derradeiras instrucións acordadas pola Consellería de Educación e de Sanidade, que se plasman no documento do 31 de agosto do 2020, no que se recolle a “*actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o Curso 2020.21*”, non se marca como se debe facer este retorno ao inicio da actividade lectiva presencial. Nas posteriores modificacións dos Protocolos (a derradeira con data do 4 de novembro do 2020) tampouco que especifica como facelo.

Dende o Equipo COVID do centro consideramos que o modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade, polo que se seguirán en todo momento as súas instrucións.

Durante o tempo do peche dunha aula, de varias aulas ou de todo o centro, o equipo COVID do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en base ás instrucións que faciliten as autoridades sanitarias e educativas. Os obxectivo principais desta fase por parte do centro serán os seguintes:

- Desinfección de todos os espazos.
- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución. (Se fora preciso reorganización de entradas, saídas, recreos, espazos...).
- Continuar o proceso educativo mediante o ensino a distancia.
- Insistirase na formación do alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

Na fase na que o alumnado se reincorpore ao centro, os obxectivos serán os seguintes:

- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.
- Garantir a correcta atención de calidade ao alumnado con NEAE.
- Reforzo e fomento de hábitos.
- Revisión das actividades realizadas no período de ensino telemático.
- Reactivación normal da actividade lectiva. Destacar, como xa comentamos, que o modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Os obxectivos que aquí presentamos serán a orientación a seguir.

## ANEXO I

**Cumprindo coa publicación do da Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020.21, e seguindo as instrucións que se recollen na Resolución da Secretaría Xeral de educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, no CEIP Canosa-Rus propoñemos os seguintes horarios para cada grupo de alumnos/as do centro, a fin de continuar o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia coa debida interacción entre os alumnos/as do grupo e o profesorado.**

Compre salientar que nas Programacións Didácticas de cada mestre/a tamén está establecido o modo de intervención no caso de cese do ensino presencial, que será comunicado ás familias no caso de que se produza un cerre de grupo/aula, confinamento de un aula/grupo ou do centro. Esta actividade levarase a cabo principalmente a través da aula virtual do centro e por medio de videoconferencias.

Especificamos a continuación o horario que se propón para cada grupo e as propostas de actuación para Educación Infantil, 1º e 2º de EP. Matizar que o horario dos mestres/as especialistas poden sufrir algunha modificación puntual para axustar a intervención de tódolos nenos/as aos que imparten clase no centro, no caso de ter que combinar ensino presencial e a distancia.

### EDUCACIÓN INFANTIL

Todos os LUNS subiranse as tarefas semanais das titoras e da mestra de apoio de infantil. Contarán cun pack de material que nos asegura que todo o alumnado ten todo o preciso para facer as tarefas.

Os Luns, Martes, Mércores, Xoves e Venres as mestras de infantil estaremos dispoñibles en horario de mañá para calquera dúbida que teñan as familias a través da aula virtual e da mensaxería de abalar ou do correo.

A maiores, estableceremos un horario de titorías para os luns de 13.30 a 14:30 h.

Dado que a etapa de Educación Infantil se caracteriza pola importancia das rutinas e asentamento de hábitos, tamén lles facilitamos un panel de rutinas para a casa. Se lles é posible poderán traballar todos os días calendario, días da semana, meses do ano, letras, conteo de números...

Empregaremos videoconferencias co programa webex ou falemos en caso de confinamento longo, quedando por determinar o día en cada titoría de infantil dependendo da dispoñibilidade das familias. Faríamos agrupamentos dado que é moi difícil que nos poidan seguir se están todos xuntos.



## 1º EP

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<p>09:30</p> <p>Subida de todas tarefas semanais (actividades, retos, xogos..), as cales estarán recollidas en varios PDF das diferentes materias e concretadas para cada día da semana. Colgaranse na aula virtual nas materias correspondentes.</p> <p>10:00 – 11:00</p> <p>Vídeo conferencia con todo o grupo aula para realizar actividades variadas empregando o servizo <i>falemos edu</i>.</p>	<p>10:00- 12:00</p> <p>Horario de dispoñibilidade para titorías tanto para falar sobre o estado e progreso do alumnado como sobre dúbidas que poidan ter os proxenitores arredor do modelo de ensinanza non presencial. O contacto será a través de Abalar e se é preciso mediante chamada telefónica.</p>	<p>10:00- 12:00</p> <p>Dispoñibilidade na aula virtual para atallar calquera dúbida que poidan ter o alumnado en relación ás tarefas semanais. Se é necesario poderíase realizar unha videoconferencia mediante o servizo <i>falemos edu</i>.</p>	<p>11:00- 12:00</p> <p>Dispoñibilidade na aula virtual para solucionar dúbidas do alumnado.</p>	<p>12:00- 13:00</p> <p>Vídeo conferencia co grupo aula para realizar un repaso da semana e das tarefas realizadas, mostrar algunha creación do alumnado, realizar algún xogo...</p>

## 2º EP

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<p>09:30</p> <p>Subida de todas as tarefas semanais: actividades de lectura-escritura, cálculo, retos, xogos... que disporanse en PDF nas distintas áreas e explicarse a súa secuencia ao longo dos días da semana. Colgarase, o devandito PDF, na aula virtual</p> <p>10:00 – 11:00</p> <p>Vídeo conferencia con todo o grupo aula para realizar actividades variadas, tendo como horizonte curricular a comprensión, expresión e a lectura. Realizarémola polo servizo <i>falemos.edu</i></p>	<p>10:30- 12:30</p> <p>Horario utilizado para titorías:</p> <p>1-Estado e progreso do alumnado.</p> <p>2-Dúbidas que poidan xurdir na dinámica do proceso de ensino-aprendizaxe non presencial.</p> <p>O contacto será a través de Abalar e se é preciso mediante chamada telefónica , con número oculto, se é fóra do centro.</p>	<p>10:30- 12:30</p> <p>Dispoñibilidade na aula virtual para solventar calquera dúbida que poidan ter os alumnos/as en relación coas tarefas propostas. Se fora necesario, poderíase realizar unha videoconferencia polo servizo <i>falemos edu</i>.</p>	<p>09:30- 10:30</p> <p>Dispoñibilidade na aula virtual para solucionar dúbidas do alumnado.</p>	<p>12:00- 13:00</p> <p>Vídeo conferencia co grupo aula para realizar un repaso da semana e das tarefas realizadas: mostrar algunha creación do alumnado, realizar algún xogo, así como detectar algún problema na realización ou comprensión das tarefas</p>

Especificamos a continuación os horarios de 3º a 6º de EP. As letras (VC) significa que a clase será por videoconferencia e (AV) por medio da aula virtual. As que non están especificadas, serán explicadas polo mestre/a correspondente no momento do cese da actividade lectiva presencial.

<b>3º EP</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>10:00-10:30</b>	Lingua Castelá (VC)	Lingua Galega (VC)	Lingua Castelá (VC)	Lingua Galega (VC)	Lingua Castelá (VC)
<b>10:30-11:00</b>	Matemáticas (AV)	Matemáticas (AV)	Música	Matemáticas (AV)	Matemáticas (AV)
<b>11:00-11:30</b>	Ciencias Naturais (AV)	Inglés	Ciencias Sociais (AV)	Ciencias Naturais (AV)	Ciencias Sociais (AV)
<b>11:30-12:00</b>	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
<b>12:00-12:30</b>	Educación Física	Educación Física	Inglés	Valores / Relixión (AV-VC)	Inglés
<b>12:30-13:00</b>	Lingua Galega (VC)	Ciencias Sociais (VC)	Lingua Galega (VC)	Lingua Castelá (VC)	Plástica (VC)

**TUTORÍAS: LUNS 13:00-14:00 // XOVES: 13:00-14:00**

<b>4º A EP</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>10:00-10:30</b>	Matemáticas (VC)	Matemáticas (VC)	Lingua Galega (VC)	Lingua Castelá (VC)	Lingua Galega (VC)
<b>10:30-11:00</b>	Matemáticas (AV)	Matemáticas (AV)	Lingua Galega (AV)	Lingua Castelá (AV)	Lingua Galega (AV)
<b>11:00-11:30</b>	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
<b>11:30-12:00</b>	Inglés	Valores Sociais / Relixión (AV-VC)	Educación Física	Plástica (AV-VC)	Expresión na Radio (AV-VC)
<b>12:00-12:30</b>	Lingua Castelá (VC)	Ciencias Naturais (VC)	Música (AV-VC)	Ciencias Sociais (VC)	Educación Física
<b>12:30-13:00</b>	Lingua Castelá (AV)	Ciencias Naturais (AV)	Inglés	Ciencias Sociais (AV)	Inglés

**TUTORÍAS: LUNS 13:00-14:00 // MARTES: 13:00-14:00**

<b>4º B EP</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>10:00-10:30</b>	Lingua Castelá	Matemáticas	Lingua Galega	Lingua Castelá	Lingua Galega
<b>10:30-11:00</b>	Lingua Castelá	Matemáticas	Inglés	Lingua Castelá	Lingua Galega
<b>11:00-11:30</b>	Música	Valores Sociais / Relixión	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais	Educación Física
<b>11:30-12:00</b>	Descanso	Descanso	Ciencias Naturais	Ciencias Sociais	Descanso
<b>12:00-12:30</b>	Inglés	Lingua Galega	Descanso	Descanso	Matemáticas
<b>12:30-13:00</b>	Matemáticas	Expresión na Radio	Educación Física	Inglés	Plástica

**TUTORÍAS: LUNS 13:00-15:00**

<b>5º EP</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>10:00-10:30</b>	Inglés	Inglés	Ciencias Naturais (VC)	Ciencias Sociais (VC)	Matemáticas (VC)
<b>10:30-11:00</b>	Matemáticas (VC)	Matemáticas (VC)	Educación Física	Matemáticas (VC)	Lingua Galega (VC)
<b>11:00-11:30</b>	Lingua Castelá (VC)	Lingua Galega (VC)	Lingua Castelá (VC)	Música	Inglés
<b>11:30-12:00</b>	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso	Descanso
<b>12:00-12:30</b>	Valores Sociais / Relixión (AV)	Lingua Castelá (AV)	Lingua Galega (AV)	Lingua Galega (AV)	Ciencias Naturais (AV)
<b>12:30-13:00</b>	Educación Física	Ciencias Sociais (AV)	Matemáticas (AV)	Lingua Castelá (AV)	Plástica (AV)

**TUTORÍAS: LUNS 13:00-14:00 // MÉRCORES: 13:00-14:00**

<b>6º EP</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>10:00-10:30</b>	Matemáticas (VC)	Matemáticas (VC)	Lingua Galega (VC)	Inglés	Matemáticas (VC)
<b>10:30-11:00</b>	Educación Física	Matemáticas (AV)	Ciencias Sociais (VC)	Inglés	Lingua Castelá (VC)
<b>11:00-11:30</b>	Descanso	Lingua Castelá (VC)	Matemáticas (AV)	Descanso	Lingua Galega (AV)
<b>11:30-12:00</b>	Lingua Galega (AV)	Descanso	Descanso	Ciencias Naturais (VC)	Descanso
<b>12:00-12:30</b>	Ciencias Sociais (AV)	Inglés	Educación Física	Lingua Castelá (VC)	Ciencias Naturais (AV)
<b>12:30-13:00</b>	Valores Sociais / Relixión (AV)	Música	Expresión na Radio (AV)	Ciencias Sociais (AV)	Plástica (AV)

**TUTORÍAS: LUNS 09:00-10:00 // VENRES: 9:00-10:00**